

24 Marzo de 2014 - Revista 962

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 10

BOLSAS E AXUDAS / 11

PREMIOS E CONCURSOS / 13

NOVAS DE EMPREGO / 15

EN PORTADA

O programa de voluntariado xuvenil beneficiou xa a máis de 1.000 mozos e mozas e contará este ano cun orzamento de 440.000 euros

Mercores, 19 Marzo 2014 08:05



O programa de **Voluntariado Xuvenil** da *Consellería de Traballo e Benestar* beneficiou desde que se creou en 2011 a máis de 1.000 mozos e mozas de toda Galicia. A iniciativa seguirá a impulsarse este ano, cun orzamento de 440.000 euros, un 17% máis que en 2013.

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro*, participou hoxe en Oroso no acto de entrega dos diplomas de asistencia ao curso Voluntariado e Participación, que foi organizado polo equipo de dinamización xuvenil para alumnos de secundaria no IES desta localidade.

Este curso abordou, entre outras materias, os dereitos e deberes dos voluntarios, os diferentes perfís e tipos de voluntariado e a importancia da certificación da acción voluntaria nos currículos. Nesta iniciativa participaron un total de 44 alumnos de entre 16 e 18 anos.

Ovidio Rodeiro animou aos mozos e mozas a participar no programa do *Servizo de Voluntariado Xuvenil*, que consiste na súa incorporación como voluntarios ás entidades, concellos e mancomunidades que están inscritos no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria.

Serán subvencionables os proxectos desenvolvidos por un máximo de 8 mozos ou mozas de idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, ou de 16 a 18 anos con autorización dos pais ou titores legais. O prazo para solicitar estas axudas permanecerá aberto ata o día 10 de abril.

O *director xeral* recordou que “a participación xuvenil en actividades de voluntariado axuda aos mozos e mozas a adquirir valores moi positivos, como son o traballo en grupo, a responsabilidade, a comunicación, o sentido da iniciativa e a autoconfianza”.

Ovidio Rodeiro tamén destacou a “importancia que ten complementar as ensinanzas académicas dos estudantes coas experiencias e competencias adquiridas mediante programas de educación non formal de participación xuvenil”.

O titular de *Xuventude* recordou que o **Plan de Formación de Xuventude** da *Consellería de Traballo e Benestar* oferta este ano aos mozos e mozas galegos un total de 20.000 prazas a través de 76 cursos de diferentes temáticas divididos en dous eidos: xuventude e educación non formal e voluntariado. En total, impártense máis de 3.000 horas de formación.

Os programas de participación xuvenil de Benestar executaron máis de 1.700 proxectos para a mocidade entre 2010 e 2013

Xoves, 20 Marzo 2014 12:24



Os **programas de participación xuvenil** da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, dependente da *Consellería de Traballo e Benestar*, permitiron executar un total de 1.771 proxectos para a mocidade entre 2010 e 2013. Deles, foron desenvolvidos directamente por asociacións xuvenís e grupos informais de mozos e mozas 708 proxectos do programa **Iniciativa Xove** e 197 do **Xuventude en Acción**. As entidades executaron 202 proxectos de voluntariado xuvenil e os concellos 664 proxectos locais.

Estes datos foron destacados en Vigo polo *director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro*, ao analizar o balance do **Plan Estratéxico de Xuventude 2010-2013** nunha sesión de traballo con informadores xuvenís e concelleiros de xuventude da provincia de Pontevedra, na que estivo acompañado da *directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz*; e da *delegada territorial da Xunta en Vigo, María José Bravo Bosch*.

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* está a organizar unha serie de xuntanzas territoriais para achegar aos actores xuvenís a información dos recursos que poñen en marcha o conxunto das consellerías destinados aos mozos e mozas.

No encontro tamén se analizaron os diferentes programas que constituirán a base da programación da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*. Deste xeito, *Ovidio Rodeiro* destacou que ata o 28 deste mes está aberto o prazo para participar en **Galeuropa**, o primeiro dos tres programas de mobilidade que xestionará o departamento este ano, que permitirán que máis de 350 mozos e mozas poidan realizar prácticas laborais en empresas de calquera país do mundo cun investimento conxunto de máis de 744.000 euros.

Os participantes no encontro tamén recibiron información sobre o programa de **Voluntariado Xuvenil**. Destinaranse máis de 440.000 euros a esta actividade e serán subvencionables os proxectos postos en marcha por entidades de acción voluntaria e concellos que sexan desenvolvidos por un máximo de 8 mozos ou mozas. O prazo para solicitar estas axudas finaliza o día 10 de abril.

Outro dos programas de **Xuventude** dos que falou o director na sesión de traballo foi **Iniciativa Xove**, que sairá publicado no DOG nos próximos quince días. Este programa, no que poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas, permite que a xuventude galega poida organizar, emprender e impulsar actividades onde os actores principais son eles mesmos.

Plan de Emprego Xuvenil

Pola súa banda, a *directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz*, referiuse ao **Plan de Emprego Xuvenil 2014-2015**, aprobado en febreiro polo *Consello da Xunta* e deseñado de xeito transversal e coa implicación de todo o Goberno, co obxectivo principal de loitar contra o paro entre a mocidade.

Esta iniciativa consta de 19 medidas e un orzamento para os dous anos de preto de 100 millóns de euros que permitirán beneficiar a unhas 95.000 persoas menores de 30 anos.

Entre as medidas novidosas destacan a regulación de prácticas laborais para mozos cualificados (universitarios ou con títulos de formación profesional), que consistirá en financiar as súas prácticas durante nove meses; ou a posta en marcha dun programa de atención preferente no *Servizo Público de Emprego de Galicia* para mozos e mozas que nin estudan nin traballan. Para este mesmo colectivo, crearanse tamén novos incentivos de contratación, que consistirán en axudas de 200 euros mensuais ata o límite dun ano.

Os voluntarios galegos son os primeiros do Estado en poder acreditar de xeito oficial as súas experiencias adquiridas

Venres, 21 Marzo 2014 00:00

Galicia é a primeira administración autonómica que posibilita que os voluntarios e voluntarias galegos poidan acreditar de xeito oficial, a través dun historial persoal, as experiencias adquiridas durante todo o proceso de voluntariado, que poderán incorporar ao seu currículo. Así o destacou hoxe o *director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro*, en Santiago, na *Facultade de Matemáticas da Universidade*, onde inaugurou a terceira edición do **curso de formación de voluntariado en saúde mental**.

Rodeiro indicou que Galicia volve a ser pioneira no Estado no recoñecemento oficial das competencias e experiencias que os cidadáns adquiren mediante a súa participación en programas de educación non formal grazas á posta en marcha do novo **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia** que, como novidade, incorpora unha sección destinada exclusivamente ás persoas voluntarias, que terá como obxectivo certificar e acreditar a experiencia destas persoas.

O rexistro estrutúrase en dúas seccións: unha exclusiva para as entidades de acción voluntaria e outra para as experiencias das persoas voluntarias.

Esta actuación, segundo explicou Rodeiro, enmárcase na *Lei de acción voluntaria de Galicia do 2011*, aprobada por unanimidade no Parlamento galego, que establecía -entre outras novidades- a posibilidade de que as persoas voluntarias obtivesen certificación da súa participación en diferentes accións, a fin de poder acreditar un historial de experiencias. Esta mesma norma incluía, polo tanto, a necesidade de creación dun novo rexistro de acción voluntaria.

Este instrumento configúrase como un órgano único e público que asume as funcións de cualificación e inscrición tanto dos voluntarios como das entidades, así como as de certificación das distintas accións que desenvolvan os voluntarios.

Cabe lembrar tamén que as entidades deben estar inscritas neste rexistro para poder obter subvencións, así como para subscribir convenios coas administracións públicas. Hai tres categorías xerais de entidades que se poden anotar: as integradas na Administración autonómica, as locais ou as privadas sen ánimo de lucro. Todas elas deberán traballar nalgunha ou varias das seguintes áreas de actuación: acción social, cultura, medioambiente, cooperación ao desenvolvemento, ou outras accións.

Por último, o *director xeral de Xuventude* indicou que das máis de 860 entidades inscritas no rexistro de acción voluntaria de Galicia, un total de 125 están dedicadas a temas relacionados coa saúde mental.

Benestar afirma que complementar o currículo con actividades de educación non formal fomenta a adquisición de valores positivos

Venres, 21 Marzo 2014 00:00



O *director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro*, destacou hoxe a importancia de que a mocidade complemente o seu currículo académico co desenvolvemento de actividades de educación non formal, no marco da presentación do **Encontro Internacional de mozos Emprendedores** que acolle a *facultade de Económicas e Empresariais da USC*.

Segundo indicou Rodeiro, “a participación en proxectos de educación non formal fomenta a adquisición de valores positivos, como o traballo en grupo, a responsabilidade, a comunicación, o sentido da iniciativa e a autoconfianza”.

O director xeral tamén sinalou a “gran importancia que ten para os estudantes poder complementar ensinanzas académicas con experiencias e competencias adquiridas mediante a participación xuvenil, xa que estas poden ser as que marquen a diferenza entre dous currículos universitarios aparentemente iguais”.

As políticas máis modernas e innovadoras en materia de xuventude de toda Europa teñen como nexos de unión a educación non formal. En Galicia, desde a *Dirección Xeral de Xuventude*, canalízanse estas actividades a través de diferentes programas, como **Iniciativa Xove**, **Voluntariado Xuvenil** ou **Galeuropa**, pioneiros e novidosos a nivel de todo estado.

No encontro tamén se analizaron os diferentes programas que constituirán a base da programación do departamento. Deste xeito, destacou que ata o 28 deste mes está aberto o prazo para participar en **Galeuropa**, o primeiro dos tres programas de mobilidade que xestionará a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* este ano, que permitirán que máis de 350 mozos e mozas poidan realizar prácticas laborais en empresas de calquera país do mundo cun investimento conxunto de máis de 744.000 euros.

Os participantes no encontro tamén recibiron información sobre o programa de **Voluntariado Xuvenil**. O departamento autonómico destinará máis de 440.000 euros a esta actividade e serán subvencionables os proxectos postos en marcha por entidades de acción voluntaria e concellos que sexan desenvolvidos por un máximo de 8 mozos ou mozas. O prazo para solicitar estas axudas finaliza o día 10 de abril.

Outro dos programas de **Xuventude** dos que se falou na sesión de traballo foi **Iniciativa Xove**, que sairá publicado no DOG nos próximos quince días. Este programa, no que poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas, permite que a xuventude galega poida organizar, emprender e impulsar actividades onde os actores principais son eles mesmos.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

EL BIG BLOG EXCHANGE, EL PROYECTO DE HOSTELLING INTERNATIONAL, HA VUELTO!

Martes, 18 Marzo 2014 12:44



Por fin, la espera ha terminado. **The Big Blog Exchange (BBE)**, la competición internacional de intercambio de blogueros más grande del mundo, ¡ha vuelto! Un nuevo año y una nueva oportunidad de ser uno de los 16 blogueros que intercambien vidas, lugares, culturas y blogs simultáneamente durante diez días. Del arte callejero de Montreal a los tangos argentinos, los ganadores del año pasado, saborearon, vivieron y triunfaron en su paso por el mundo. Este año lo vamos a hacer todo de nuevo.

Mikael Hansson, director ejecutivo de Hostelling International, dijo: "El viaje del Big Blog Exchange acaba de empezar, estamos buscando blogueros de todo el mundo para unirse a nosotros en esta aventura única".

En 2013, 1.173 blogueros de 173 países de todo el mundo participaron en el **Big Blog Exchange**, un proyecto de Hostelling International. El **Big Blog Exchange** ha recibido un fantástico reconocimiento del sector turístico con tres prestigiosos premios - *Innovación en Turismo de la Organización Mundial del Turismo (OMT)*, la mejor campaña de Innovación en marketing por *World Youth Student and Educational Travel Confederation* y *best marketing por British Youth Travel Awards*.

Preguntamos a Liesbet Maroye de Bélgica, uno de los 16 ganadores del 2013 BBE, ¿por qué deberían los blogueros unirse a esta segunda edición?, como ella dijo, "esta es una oportunidad única en la vida. No importa de lo que trate el blog, esta es tu oportunidad de conocer a personas con ideas afines y compartir sus pensamientos. El Big Blog Exchange es una manera perfecta para descubrir toda la red de Hostelling International y la gente maravillosa que trabaja ahí" 'Cambiar el mundo con el poder de los blogs' puede sonar ambicioso pero podemos cambiar el mundo paso a paso por nosotros mismos, a través de nuestros blogs inspirando a nuestros lectores".

Por lo tanto, si acabas de iniciar un blog, o si tienes uno hace ya muchos años, tengas un millón de lectores o sólo uno, escribas sobre política, cambio climático, viajes, moda, belleza... donde sea que vivas, el idioma en el que escribas tu blog... estamos buscando 16 blogueros apasionados y aventureros para hacer del **Big Blog Exchange 2014** una increíble experiencia otra vez.

Averigua cuando se inicia la competición y echa un vistazo al tráiler en www.bigblogexchange.org

Únete a la conversación #bigblogX

Promocións Carné Xove: Disfruta do Mar

Mercores, 19 Marzo 2014 09:42



A finalidade deste programa é realizar diferentes cursos relacionados con distintas actividades náuticas segundo os gustos dos participantes.

Os alumnos poderán elixir entre:

- Curso de Vela lixeira (12 horas)
- Curso de Windsurf (12 horas)
- Curso de Surf (12 horas)
- Curso de Ski náutico e Wakeboard (10 horas)

INSCRICIÓNS E RESERVAS:

www.tierraymar.net info@tierraymar.net

PRAZO DE INSCRICIÓN:

O prazo de inscrición comeza a partires do 24 de marzo e remata 2 días antes da actividade.

ADXUDICACIÓNS DAS PRAZAS:

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de chegada das solicitudes e asignaranse ata esgotar todas as dispoñibles no programa. Cancelarase a actividade se non hai un número mínimo de participantes.

No prazo máximo de 2 días dende o envío da solicitude, recibiredes un correo electrónico no que se vos confirmará, de ser o caso, a adxudicación da praza e o número de conta bancaria para realizar o ingreso.

DOCUMENTACIÓN:

Desde o día no que se vos confirme por correo electrónico a adxudicación da praza, teredes un prazo de 48 horas para enviar ao enderezo electrónico correspondente a seguinte documentación:

- Fotocopia escaneada do xustificante do ingreso da cota de participación.

- Fotocopia escaneada do DNI ou da folia correspondente do libro de familia.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social ou seguro médico privado.
- Declaración responsable de que sabe nadar (anexo que se enviará por e-mail).
- Fotocopia do Carné Xove, de ser o caso.

Aviso: a falta de datos, queestes sexan erróneos, enviar mal a documentación ou non enviala ocasionará abaixo automática do programa e as prazas quedarán dispoñibles para as persoasda listaxe de reserva.

ACTIVIDADE:

Os cursos tamén se realizan olongo de todo o ano, na época invernal durante os fins de semana e no verándurante a semana.

Inverno: 1 sesión por semana ossábados ou domingos en horario de mañá ou de tarde; tamén estamos realizandocursos o longo de todos os días da semana.

Verán: de luns a venres enhorario de mañá ou de tarde.

INCORPORACIÓN:

A incorporación será por conta dointeresado nas datas e horas indicadas en cada ruta.

PARTICIPANTES:

Entre 5 e 20 prazas por quenda.

TARIFAS E PROMOCIÓN CARNÉ XOVE:

- Curso de Vela lixeira: 60 euros (50 euros con carné xove)
- Curso de Windsurf: 70 euros (60 euros con carné xove)
- Curso de Surf: 80 euros (70 euros con carné xove)
- Curso de ski náutico e wakeboard: 110 euros (90 euros con carné xove)

INCLÚE:

- Material necesario (embarcacións, seguro, neoprenos..).

- Equipo de monitores de apoio titulados para cada actividade.
- Embarcacións de apoio.
- Seguro de responsabilidade civil e de accidentes.
- Material didáctico.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

www.tierraymar.net

e-mail información e reservas: info@tierraymar.net

Teléfono de contacto: 661 536 265

Consulta aquí as datas, quendas e lugar de realización dos cursos.

Promocións Carné Xove: Iniciación ós deportes náuticos

Mercores, 19 Marzo 2014 11:00



Con este programa poderás realizar de diferentes actividades náuticas, como primeira toma de contacto en deportes como a vela lixeira, windsurf, ski náutico, surf, wakeboard e kaiak. Todas actividades impartidas por persoal moi experimentado e idóneo para a aprendizaxe.

INSCRICIÓN E RESERVAS:

www.tierraymar.net info@tierraymar.net

PRAZO DE INSCRICIÓN:

O prazo de inscrición comeza a partires do venres 24 de marzo e remata 2 días antes da actividade.

ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de chegada das solicitudes e asignaranse ata esgotar todas as dispoñibles no programa.

Cancelarase a actividade se non hai un número mínimo de participantes.

No prazo máximo de 2 días dende o envío da solicitude, recibiredes un correo electrónico no que se vos confirmará, de ser o caso, a adxudicación da praza e o número de conta bancaria para realizar o ingreso.

DOCUMENTACIÓN:

Desde o día no que se vos confirme por correo electrónico a adxudicación da praza, teredes un prazo de 48 horas para enviar ao enderezo electrónico correspondente a seguinte documentación:

- Fotocopia escaneada do xustificante do ingreso da cota de participación.
- Fotocopia escaneada do DNI ou da folia correspondente do libro de familia.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social ou seguro médico privado.
- Declaración responsable de que sabe nadar (anexo que se mandara por e-mail).
- Fotocopia do Carné Xove, de ser o caso. Aviso: a falta de datos, que estes sexan erróneos, enviar mal a documentación ou non enviala ocasionará a baixa automática do programa e as prazas quedarán dispoñibles para as persoas da listaxe de reserva.

ACTIVIDADE:

Do xoves 17 de abril ó domingo 20 de abril, en horario de mañá (10.00 a 14.00 horas) ou de tarde (16.00 a 20.00 horas).

Cada día da semana realizaremos una actividade distinta:

Xoves (Vela lixeira)

Venres (Windsurf)

Sábado (Kaiak e ski náutico)

Domingo (Surf)

INCORPORACIÓN:

A incorporación será por conta do interesado nas datas e horas indicadas en cada ruta.

PARTICIPANTES:

Entre 5 e 20 prazas por quenda.

TARIFAS E PROMOCIÓN CARNÉ XOVE:

Prezo por persoa 80 euros.

Con carné xove 70 euros

INCLÚE:

- Material necesario (Kaiak, embarcacións, neoprenos..)
- Equipo de monitores de apoio titulados para cada actividade.
- Embarcacións de apoio.
- Seguro de responsabilidade civil e de accidentes.
- Material didáctico.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

www.tierraymar.net

e-mail información e reservas: info@tierraymar.net

Teléfono de contacto: 661536265

Consulta aquí a información dos cursos.

Promocións Carné Xove: Flyboard

Mercores, 19 Marzo 2014 11:16



Descubre o *novo deporte que triúna en toda Europa*. Vive unha experiencia única debaixo da auga, ou elévate e voa sobre a mesma. Non precisas ningún tipo de experiencia previa; a diversión está asegurada xa que o 95% dos que proban por primeira vez empezan a voar en só uns minutos. É moi fácil e terás unha sensación que non esquecerás nunca.

Podes practicalo calquera día do ano, previa reserva.

Prezo: 60 euros por persoa (54 € se téis o carné xove en vigor)

Prezos especiais:

110 € para dúas persoas

200 € para catro persoas

No prezo inclúese todo o equipo necesario (neopreno, chaleco, casco).

Para máis información e reservas:

e-mail: info@tierraymar.net

Teléfono: 661 536 265

Promocións Carné Xove: Coñecendo a nosa costa

Mercores, 19 Marzo 2014 11:19



Con este programa poderás realizar rutas organizadas de kaiak por diferentes rías galegas onde descubrirás a beleza da nosa costa dende un punto de vista distinto do habitual.

INSCRICIÓNS E RESERVAS:

www.tierraymar.net info@tierraymar.net

PRAZO DE INSCRICIÓN:

O prazo de inscrición comeza a partires do venres 24 de marzo e remata 2 días antes de cada ruta.

ADXUDICACIÓNS DAS PRAZAS:

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de chegada das solicitudes e asignaranse ata esgotar todas as dispoñibles no programa.

Cancelarase a actividade se non hai un número mínimo de participantes.

No prazo máximo de 2 días dende o envío da solicitude, recibiredes un correo electrónico no que se vos confirmará, de ser o caso, a adxudicación da praza e o número de conta bancaria para realizar o ingreso.

DOCUMENTACIÓN:

Desde o día no que se vos confirme por correo electrónico a adxudicación da praza, teredes un prazo de 48 horas para enviar ao enderezo electrónico correspondente a seguinte documentación:

- Fotocopia escaneada do xustificante do ingreso da cota de participación.
- Fotocopia escaneada do DNI ou da folla correspondente do libro de familia.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social ou seguro médico privado.
- Declaración responsable de que sabe nadar (anexo que se mandará por e-mail).
- Fotocopia do Carné Xove, de ser o caso.

Aviso: a falta de datos, que estes sexan erróneos, enviar mal a documentación ou non enviala ocasionará a baixa automática do programa e as prazas quedarán dispoñibles para as persoas da listaxe de reserva.

RUTAS (por orde cronolóxica- consulta aquí as datas e horarios)

- Ruta 1: Ría de Vigo (Moaña- Cangas- Moaña)
- Ruta 2: Ría de Vigo (Moaña- Ponte de Rande- Moaña)
- Ruta 3: Ría de Vigo (Cangas-Liméns-Cangas)
- Ruta 4: Ría de Vigo (San Adrián- Illa de San Simón-San Adrián)
- Ruta 5: Ría de Aldán
- Ruta 6: Ría de Pontevedra (Raxó- Sanxenxo-Raxó)
- Ruta 7: Ría de Pontevedra (Raxó- Illa de Tambo-Raxó)
- Ruta 8: Ría de Pontevedra (Raxó-Marín-Aguete-Raxó).

INCORPORACIÓN:

A incorporación será por conta do interesado nas datas e horas indicadas en cada ruta.

PARTICIPANTES:

Entre 10 e 50 prazas.

TARIFAS E PROMOCIÓN CARNÉ XOVE.

Prezo por ruta 30 euros.

Con carné xove 25 euros.

Bono 5 rutas 130 euros (con carné xove 110 euros)

INCLÚE:

- Material necesario (Kaiak ocean duo autovaciable, con espaldera e pala)
- Equipo de monitores de apoio.
- Embarcación de apoio.
- Seguro de responsabilidade civil
- Bolsa de pícnic (bocadillo, empanadilla, peza de froita e botellín de auga.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

www.tierraymar.net

e-mail información e reservas: info@tierraymar.net

Teléfono de contacto: 661536265

Resumo das xornadas e obradoiros de Innovación Turística na sede da Eurocidade Chaves-Verín

Xoves, 20 Marzo 2014 16:32

Acaba de rematar en Verín na sede da **Eurocidade Chaves-Verín** os **Obradoiros de Innovación Turística**, un proceso creativo para mozos e mozas galegos e portugueses de 18 a 30 anos que tivo como obxectivo principal o apoio á creación de produto turístico na **Eurocidade Chaves-Verín** e o seu posible desenvolvemento real a partir da innovación propostas pola mocidade galega.



As sesións de traballo foron desenvolvidas o 13 e 14 de marzo e consistiron nun traballo de análise e investigación previo, un traballo creativo e dinamizador conxunto e a promoción dos proxectos creativo-turísticos da mocidade. Nestas xornadas de Innovación Turística participan mozos e mozas de ambos lados da fronteira nun grupo de traballo que analizou a realidade do sector e creou produto turístico moi relacionado coas innovacións tecnolóxicas no sector: xeolocalización, realidade aumentada,...

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia organizou, no marco da **Eurocidade Chaves-Verín**, estas xornadas de innovación turística e un wokshop interactivo-turístico, financiadas polo proxecto **EUROCIDADE II**, aprobado en virtude do programa de **Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP)**, no cal son socios a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia, o Instituto Português do Deporte e Xuventude, o Concello de Verín ea Cámara Municipal de Chaves.

Esta iniciativa ten como obxectivo principal crear unha actividade multidisciplinar para mozos que queiran compartir experiencias no sector da innovación turística e realizar un microproxecto de turismo na **Eurocidade Chaves-Verín**, coa intención de promover e estimular o turismo na rexión;

nela participaron dez mozos e mozas de toda Galicia que presentaron as súas iniciativas a realizar nun curto prazo de tempo. Tamén se analizaron os recursos da zona, así como as súas posibilidades de futuro.

De dito encontro tamén se chegou ao acordo de crear un *Grupo de Traballo Empresarial da Eurocidade* que terá reunións periódicas para avaliar a boa marcha dos proxectos comezados.

Destacar que o coach e os participantes foron invitados, en grupos reducidos, a visitar as escavacións do *Balneario Romano de Chaves*, unha obra termal que se mantén intacta dende a época romana e que está en fase de escavación; o que probablemente será coñecido como o máis grande balneario romano do mundo.

Sobre o referido balneario construírse, segundo explicacións dos arqueólogos un museo que está previsto rematar aproximadamente para setembro de 2014.

Xornada sobre financiamento europeo para proxectos de fomento da actividade física e do deporte

Luns, 24 Marzo 2014 07:44

A Escola Galega de Administración Pública convoca a **Xornada sobre financiamento europeo para proxectos de fomento da actividade física e do deporte**.



Obxectivos:

Informar o sector deportivo sobre as diferentes posibilidades de financiamento de proxectos europeos no ámbito da actividade física e do deporte.

Contidos:

Proxectos europeos: tramitación e financiamento.

Posibilidades de financiamento de proxectos europeos no ámbito da actividade física e o deporte.

Erasmus +: contexto do programa, accións financiáveis, exemplos de proxectos financiados.

Destinatarios:

Concellos galegos, federacións deportivas galegas, clubs deportivos, xestores deportivos, directores e profesores de centros educativos galegos con proxectos de fomento de actividade física e deportiva e interesados en xeral.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Data e horario: martes, 1 de abril de 2014, das 16.00 ás 20.00 horas.

Duración: 4 horas lectivas.

A inscrición farase a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>

O **prazo de inscrición** estará aberto ata o 30 de marzo de 2014.

Máis información no **DOG do 24 de marzo de 2014** e en <http://egap.xunta.es>

Congreso Xuvenil Internacional OCEÁNTICA 2014

Luns, 24 Marzo 2014 09:31

Campus do Mar convoca, co financiamento da *Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT)* a segunda edición do **Congreso Xuvenil Internacional OCEÁNTICA**, co obxectivo de sensibilizar sobre a sustentabilidade nos espazos de interacción mar-terra-poboacións humanas nos sistemas costeiros e sobre o reto do cambio climático dirixido a estudantes de sexto curso de Educación Primaria, ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos e Universidade e niveis equivalentes en ensinos básicos e medias (≥ 12 anos) e superiores (≥ 18 anos) doutros países.



Un xurado formado por profesores, investigadores e divulgadores científicos valorará os traballos presentados e elixirá os proxectos gañadores, cuxos autores serán premiados coa participación nun campus de verán científico-artístico-socio-ambiental.

Participacion:

O **congreso xuvenil OCEÁNTICA 2014** organízase de xeito virtual.

Poderán participar todos os estudantes matriculados nun centro educativo en Primaria, ESO, Bacharelato ou Ciclos Formativos durante o curso 2013-2014 en calquera sistema educativo.

Tamén poderán participar universitarios, que de resultar premiados, terán a ocasión de participar no campus como coordinadores dalgún dos grupos de traballo formados por estudantes non universitarios premiados. Para a realización das súas tarefas, contrarán coa titoría dalgún educador do equipo **OCEÁNTICA 2014**. Ao finalizar o campus, recibirán un diploma que acredite a súa participación como educadores en prácticas cunha dedicación de 60 horas.

Os traballos terán por obxectivo a comunicación para a sensibilización da cidadanía sobre o cambio climático e demais retos aos que se enfronta o estudo do medio mariño; e así como o respecto do medio ambiente e a sustentabilidade en xeral.

O **prazo de presentación** de traballos queda aberto ata o 30 de maio do 2014.

Os traballos deberán ser insertados polos participantes na páxina web do congreso <http://congresoceanica.campusdomar.es> ata as 23:59 horas do día 30 de maio de 2014. No apartado “*Como participar*” da web atopanse os titoriais con todos os pasos a seguir para cargar os traballos na plataforma. Na súa elaboración tomaranse como referencia os seguintes formatos de comunicación:

Relato
Poesía
Curtametraxe
Vídeo musical
Vídeo de obras de teatro
Fotografía comentada
Banda deseñada
Presentación
Póster
Debuxo
Reportaxe multimedia
Páxina web

Os traballos máis valorados polo xurado, tendo en conta o nivel de competencia curricular dos autores (70% da puntuación global) e máis votados no portal do congreso virtual (30% da puntuación global) serán premiados para participar nun campus científico – artístico – socio – ambiental.

Para poder optar a este premio, os traballos deberán ser individuais ou en parellas.

O campamento para premiados está previsto que se desenvolva entre o 21 e o 26 de xuño de 2014 nun lugar por determinar no ámbito xeográfico de Campus do Mar e ofreceranse un mínimo de 40 prazas.

Máis información en <http://congresoceanica.campusdomar.es>

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Emprendemento social para mozos/as en Vigo

Martes, 18 Marzo 2014 11:13



A **Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia** pon en marcha o curso gratuíto de **Emprendemento social para mozos/as**, destinado a 40 mozos e mozas de Galicia que teñan entre 15 e 26 anos. Este curso atópase enmarcado dentro do programa Think Big, da Fundación Telefónica, levándose a cabo en Vigo durante dúas xornadas, o 5 e 12 de abril.

O **obxectivo do curso** é dotar á mocidade dunha formación e medios para poder levar a cabo ideas de carácter social coa finalidade de poder desenvolverlas no ámbito local.

A formación recibida pola mocidade pode ser un paso previo para incorporarse ao programa *Think Big* que comezará en xuño de 2014. Se a idea é seleccionada, a *Fundación Telefónica* apoiará con formación especializada, mentor/a persoal que axudará ao desenvolvemento da idea e 400 € para desenvolver as ideas premiadas.

O curso, que se desenvolve en dúas xornadas, traballa contidos de:

Creatividade.

Innovación para ideas sociais.

Competencias dixitais de produción de vídeo e fotografía.

Comunicación dixital.

Uso libre e responsable da Rede dixital.

Ademais, desde a organización desta formación garántense e proporcionaranse os seguintes aspectos:

Curso totalmente gratuíto.

Almorzo e xantar durante a primeira xornada e almorzo da segunda xornada do curso.

Diploma acreditativo da formación recibida.

Material didáctico para o alumnado.

Recursos informáticos para traballar polos destinatarios.

Apoio na presentación de ideas ante a Fundación Telefónica (se son seleccionadas).

Datas e horario:

Sábado 5 de abril, de 10.00 a 15.00 e de 16.00 a 19.00 horas (incluíndo almorzo e xantar).

Sábado 12 de abril, de 10.00 a 15.00 horas (incluíndo almorzo).

Lugar:

Instalacións do *Centro Xuvenil Abertal* e do *Colexio María Auxiliadora de Vigo*, na rúa Venezuela 3.

Para **máis información** e inscrición, no **correo electrónico** secretaria@fedboscogal.org, chamando ao **teléfono** 647 131 705 ou 988 218 123 ou na **páxina** www.fedboscogal.org

Marketing virtual en Santiago de Compostela

Luns, 24 Marzo 2014 09:08



Cefiasa-Adams convoca o **curso gratuito Marketing virtual**, cunha duración total de 210 horas e contará con prácticas en empresas.

O curso desenvolverase entre o 1 de abril e o 20 de xuño de 2014 en Santiago de Compostela.

Requisitos: mocidade desempregada de menos de 30 anos.

Máis información en **Cefiasa** de Santiago de Compostela, **teléfono** 981 940 494 e 881 979 636.

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor de Tempo Libre na Coruña

Martes, 18 Marzo 2014 15:26



A **Escola de Tempo Libre Liceo La Paz** vai impartir un curso de monitores de actividades de tempo libre na Coruña (R/Sebastián Martínez Risco nº 12) do 21/03/2014 ao 02/05/2014.

Máis información no teléfono: 981 286 122.

Curso de Monitor de Tempo Libre na Coruña

Xoves, 20 Marzo 2014 14:47



A **Escola Galega de Tempo Libre** vai impartir un curso de monitores de actividades de tempo libre na Coruña (R/Oleoducto nº 5) do 22/04/2014 ao 26/06/2014.

Máis información no teléfono: 607 935 924.

Curso de Monitor de Tempo Libre en Outes

Venres, 21 Marzo 2014 14:57

A **Escola Rural de Tempo Libre** vai impartir un curso de monitores de actividades de tempo libre na Casa da Cultura de Outes (Avda San Campio nº 1) 29 de marzo e o 25 de maio do 2014.



Máis información:

Teléfono: 982 804 149

Email: escolaruralttempolibre@gmail.com

BOLSAS E AXUDAS

CONVOCATORIA XERAL

Bolsas permiso de conducción, Fundación Mapfre.

Luns, 24 Marzo 2014 09:02

A **Fundación Mapfre** entrega 4 bolsas ó mes de 500 euros mensuais, destinadas a facilitar a obtención do permiso de conducción a xóvenes de 18 a 29 anos.

Máis información www.seguridadvialparajovenes.com, www.injuve.es

BOLSAS E AXUDAS

FORMACION PRACTICA

Bolsas Iniciación na Empresa 2014 Fundación SEPI

Xoves, 20 Marzo 2014 09:26



A **Fundación SEPI** convoca as **Becas do Programa de Iniciación na Empresa 2014/1**, cuxa duración inicial será de seis meses.

Asignación mensual de 885 euros, ou a parte proporcional que corresponda en función da data efectiva de incorporación do becario.

Prazo de inscrición: ata o 25 de marzo de 2014.

Máis información: <http://www.injuve.es/convocatorias/becas/becas-iniciacion-en-la-empresa-20141-fundacion-sepi>

Bolsas na Axencia española de medicamentos e produtos sanitarios

Xoves, 20 Marzo 2014 09:58



A **Axencia española de medicamentos e produtos sanitarios** convoca 12 bolsas de formación:

5 bolsas: Formación relacionada coa avaliación e investigación clínica de medicamentos de uso humano.

1 bolsas: Formación relacionada coa avaliación e investigación clínica de medicamentos de uso veterinario.

2 bolsas: Formación relacionada cos requisitos técnicos, sanitarios e normativos que han de reunir as instalacións de investigación e produción farmacéutica.

3 bolsas: Formación relacionada cos procedementos, avaliación e investigación clínica de todas as categorías de produtos sanitarios.

1 bolsa: Formación relacionada coa actividade administrativa e relacións cos cidadáns dun Organismo da Administración Xeral do Estado.

Requisitos:

Titulación en Farmacia, Químicas, Bioloxía, Medicina, Dereito, Ciencias da Saúde, Enxeñaría Informática, Bioloxía, Enxeñaría Industrial.

A **contía das bolsas** queda establecida en 1.669,63 €/mes.


O **prazo para presentar** solicitudes estará aberto ata o 9 de abril de 2014.

Máis información no **BOE do 20 de marzo de 2014** e en <http://www.aemps.gob.es>

Bolsas de investigación en Francia

Mercores, 12 Marzo 2014 08:21

A **Embaixada de Francia** ofrece ao *Ministerio de Educación español* **catro bolsas de investigación** dun mes de duración durante o ano 2014.



Estas bolsas destinaranse a profesores españois de francés dun centro público universitario ou a estudantes españois de *Terceiro Ciclo de francés* que desexen ir a Francia, no marco dun proxecto de investigación ou de preparación dunha tese doutoral, nos campos seguintes:

Lingüística ou literatura francesa.

Didáctica de francés como lingua estranxeira.

Tradución ou terminoloxía (francés/español).

Francés sobre obxectivos específicos.

O **prazo de presentación** de solicitudes finalizará o 28 de marzo de 2014.

Máis información no **BOE do 20 de marzo de 2014**.

Bolsa de xestión documental en contornas dixitais

Luns, 24 Marzo 2014 07:17



A **Escola Galega de Administración Pública (EGAP)** convoca *unha bolsa de xestión documental en contornas dixitais*.

Requisitos:

Ter rematados os estudos académicos con posterioridade a xaneiro do ano 2002 en diplomatura en biblioteconomía e documentación ou licenciatura en documentación.

O **prazo de presentación** das solicitudes estará aberto ata o 24 de abril de 2014.

As **solicitudes** poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **PR770G**.

Máis información no **DOG do 24 de marzo de 2014** e en <http://egap.xunta.es>

BOLSAS E AXUDAS

OUTRAS

Organización de eventos deportivos na provincia de Ourense

Venres, 21 Marzo 2014 08:03



A **Deputación de Ourense** convoca *subvencións para a organización de eventos deportivos* no ano 2014.

Requisitos:

Concellos de menos de 20.000 habitantes, entidades deportivas, entidades sen ánimo de lucro ou asociacións veciñais con enderezo social na provincia de Ourense, que teñan como obxecto social, entre outros, a promoción e difusión do deporte na provincia de Ourense.

O **prazo para presentar** solicitudes estará aberto ata o 21 de abril de 2014.

Máis información no **BOP de Ourense do 20 de marzo de 2014** e en www.depourense.es

Organización de festivais, ciclos e mostras na provincia de Ourense

Venres, 21 Marzo 2014 08:08



A **Deputación de Ourense** convoca subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais durante o 2014.

Poderán ser beneficiarios das subvencións as persoas físicas e xurídicas promotoras de actividades.

O **prazo para presentar** solicitudes estará aberto ata o 21 de abril de 2014.

Máis información no **BOP de Ourense do 20 de marzo de 2014** e en www.depourense.es

PREMIOS E CONCURSOS

I Concurso de Carteis "Difunde o Viveiro"

Martes, 18 Marzo 2014 15:30



O **CIFP Politécnico de Santiago** convoca o concurso de carteis "**Difunde o Viveiro**".

A participación no concurso de carteis é libre para calquera estudante de Ciclo Formativo tanto de Grao Medio como de Grao Superior que estea matriculado durante o curso 2013-2014 en calquera dos centros de FP da comarca de Santiago de Compostela.

O *período de envío* de carteis estará aberto ata o 31 de marzo de 2014.

Técnica: libre (lapis, tinta, grafito, colaxe, relevo, ilustración dixital, etc.) tendo en conta que debe permitir a súa lexibilidade, reprodución e impresión e que poderá ser entregado ben en formato dixital ou en formato impreso.

O **cartaz deberá incluír** información relativa ao Viveiro: título "**Viveiro de Empresas - CIFP Politécnico de Santiago**" e facer referencia á súa gratuidade e aos servizos que se prestan.

Ademais, deberá conter os logos dos seguintes organizadores e/ou colaboradores: *Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria), Unión Europea (Fondo Social Europeo), Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) e EduEmprende*. Dispoñíbeis na web.

Tema: libre, mais deberá aparecer a promoción do *Viveiro de Empresas do centro CIFP Politécnico*.

Cada concursante poderá presentar máis dun cartaz, que se entregará fisicamente no *Departamento de Emprendemento* ou na conserxería do *CIFP Politécnico de Santiago*; indicando nun documento aparte o nome do autor, centro, ciclo, curso e datos de contacto.

Idioma: galego.

Xurado: O xurado estará composto polo director do centro *CIFP Politécnico de Santiago*, tres membros do *Departamento de Orientación* e dous alumnos elixidos por sorteo.

Premio: Existirá un único cartaz premiado cuxo autor será agasallado cunha Tableta de última xeración.

O traballo premiado será empregado para publicitar o **Viveiro de Empresas do CIFP Politécnico de Santiago** cedendo o gañador todos os dereitos á organización, e poderán ter que facer algunha pequena modificación nas lendas ou informacións segundo necesidades da organización.

Máis información no **CIFP Politécnico de Santiago**, teléfono 981 522 062.

III Concurso Internacional de Curtos de Terror de Arroio da Luz (Cáceres)

Mercores, 19 Marzo 2014 09:08



Convócase o **III Festival Internacional de Curtos de Terror no Castelo** organizado polo *Concello de Arroyo de la Luz*, dentro da **9ª Edición da Semana de Cine de Terror no Castelo** que se celebra a finais de agosto de 2014 na localidade extremeña de Arroyo de la Luz e no orixinal marco do Castelo dos Herrera.

Destinatarios/as: Realizadores/as a título individual ou colectivo de ámbito internacional.

Data límite: os traballos poderanse presentar ata o 10 de xuño 2014 .A participación poderá ser a modo individual ou colectiva. Redacción en calquera idioma. Non animación. Duración máxima 20 minutos. Formato DVD.

Premios: 1er premio 1000 euros, 2º premio 500 euros, 3er premio 200 euros

Máis información:

<http://cinedeterrorenelcastillo.jimdo.com/bases-iii-concurso-de-curtos-2014>

<http://cinedeterrorenelcastillo.jimdo.com/bases-iii-concurso-de-curtos-2014>

Concurso de arte urbana "elixo vivir sen tabaco"

Xoves, 20 Marzo 2014 09:14



O **Goberno de Cantabria** convoca o **I Concurso de arte urbana "Elixo vivir sen tabaco"** co fin de conmemorar o **Día Mundial sen Tabaco** que se celebra o 31 de maio.

Destinatarias/os: Poderá participar no concurso calquera persoa física que teña 16 anos cumpridos na data de finalización do prazo de presentación da solicitude (21 de abril) con residencia en España.

Aqueles participantes que sexan menores de idade no momento da inscrición deberán contar coa autorización do pai, nai ou titor/a legal. A participación é individual, non se poderá participar en grupo.

O **concurso consta de dúas fases**, na primeira aquelas persoas que queiran participar deberán realizar un boceto dun obra de arte urbana e presentalo ao concurso.

De entre todos os bocetos un xurado seleccionará aqueles que considere cun maior nivel para reflectir o tema do concurso (beneficios dunha vida sen tabaco) segundo os criterios de valoración establecidos nas bases do concurso.

A fase final do concurso consiste na realización das obras, dos bocetos seleccionados, polos seus autores nun lugar público da cidade de Santander o día 31 de maio, **Día Mundial Sen Tabaco**.

Data límite: 21 de abril de 2014.

Premios: 500 euros / 300 euros / 200 euros.

Máis información: <https://boc.cantabria.es/boces/verAnuncioAction.do?idAnuBlob=264734>

Concursos de vídeo No Hate

Luns, 24 Marzo 2014 09:01



Trátase de *grabar un vídeo* que transmita a quen o vexa a defensa dos dereitos humanos e rexeitar calquera forma de intolerancia en internet. Deben ter un máximo de 1 minuto de duración. O **prazo** de presentación é ata o 31 de maio.

Convocadas pola campaña europea contra a intolerancia en Internet. Está dirixida a nenos entre 15 a 29 anos. **Máis información** www.injuve.es

Premio "Alegria" para libros de poesía

Luns, 24 Marzo 2014 09:16



Este certame está aberto a tódolos poetas de lingua española, sen límite de idade ou nacionalidade.

Dotación económica: 3.000 euros.

O tema e a forma das obras serán libres.

Prazo de presentación: ata o 11 de abril de 2014.

Máis información:

<http://portal.ayto-santander.es/portal/pls/portal/docs/10431210.PDF>

<http://portal.ayto-santander.es/portal/pls/portal/docs/10431210.PDF>

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Persoal para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne

Martes, 18 Marzo 2014 07:26

A **Fundación Centro Tecnolóxico da Carne** convoca procesos selectivos para a contratación, polo sistema de concurso e mediante contrato de duración determinada, de persoal científico-técnico con cargo a diversos proxectos de cooperación con empresas.

O **prazo de presentación** de solicitudes estará aberto ata o 29 de marzo de 2014.

Máis información no DOG do 18 de marzo de 2014 e en www.ceteca.net

Convocada 1 praza de asistente social e 2 de policía local no Concello de Ferrol (A Coruña)

Mercores, 19 Marzo 2014 09:33

O **Concello de Ferrol**, convoca polo sistema de oposición 1 praza de asistente social e 2 de policía local, polo sistema de oposición.

O **prazo de presentación** de solicitudes é de 20 días, a contar desde a publicación o 19 de marzo de 2014 no BOE.

Máis información BOE do 19 de marzo de 2014.

Axente TIC para o concello de Fisterra

Venres, 21 Marzo 2014 07:56

O **concello de Fisterra** fai unha convocatoria para a contratación laboral temporal, a xornada completa, dunha praza de **Axente TIC** para o **Centro para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica, CeMIT**.

Requisitos:

- Estar en posesión da titulación mínima de Formación Profesional de Grao Superior.

- Ter coñecemento da lingua galega que se acreditará co Certificado Celga 4.

O **prazo para presentar** solicitudes estará aberto ata o 31 de marzo de 2014.

Máis información no **BOP da Coruña do 20 de marzo de 2014** e na **OMIX de Fisterra**, teléfono 981 740 001.

Convocadas 3 prazas de docentes Universitarios na USC

Venres, 21 Marzo 2014 09:26

A **Universidade de Santiago**, convoca por concurso 3 prazas de docente universitario, 1 de edafoloxía, 1 de microbioloxía e 1 de física aplicada.

O **prazo de presentación** de solicitudes é de 15 días hábiles, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE 20 de marzo de 2014. www.boe.es

Convocada 1 praza de auxiliar-condutor no Concello de Oleiros (A Coruña)

Venres, 21 Marzo 2014 09:27

O **Concello de Oleiros**, convoca 1 praza polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo de presentación** de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 21 de marzo de 2014. www.boe.es

Convocadas 4 prazas temporais na Facultade de informática na UDC.

Venres, 21 Marzo 2014 09:29

A **Universidade da Coruña**, convoca 4 prazas temporais, (1 para universitarios grao superior (12 meses), 2 prazas de enxeñeiros informáticos (2 meses) e 1 para licenciado en matemáticas (6 meses), como colaboradores en proxectos de investigación.

O **prazo de presentación** de solicitudes é de 10 días desde a publicación o 19 de marzo na páxina www.udc.es

Convocada 1 praza temporal para enxeñeiro ou grao de informática na UDC

Venres, 21 Marzo 2014 09:30

A **Universidade da Coruña**, convoca 1 praza temporal (3 meses), como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo de presentación** de solicitudes é de 10 días desde a publicación o 20 de marzo na páxina www.udc.es

Convocada 1 praza temporal como técnico superior en laboratorio na UDC

Venres, 21 Marzo 2014 09:30

A **Universidade da Coruña**, convoca 1 praza temporal (9 meses), como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo de presentación** de solicitudes é de 10 días desde a publicación o 20 de marzo na páxina www.udc.es

Convocadas 31 prazas de auxiliar administrativo na Universidade de Salamanca

Venres, 21 Marzo 2014 09:31

As prazas convocadas polo sistema de concurso-oposición, son 27 de acceso libre, 2 de promoción interna e 2 de discapacitados.

O **prazo de presentación** de solicitudes é ata o 9 de abril de 2014.

Máis información www.BOE.es

Convocada bolsa de emprego de retenes na Rioja

Venres, 21 Marzo 2014 09:33

A **Comunidade Autónoma de La Rioja**, convoca esta bolsa para prazas laborais temporais de operario especializado (retenes).

O **prazo de presentación** de solicitudes é ata o 7 de abril de 2014.

Máis información BOR do 17 de marzo de 2014.

Docentes para a Universidade de Santiago

Luns, 24 Marzo 2014 08:00

A **USC** convoca un concurso de acceso a prazas de corpos docentes universitarios.

1 praza en Edafoloxía e Química Agrícola.

1 praza en Física Aplicada.

1 praza en Microbioloxía.

Requisitos:

Estar en posesión da acreditación pertinente para o corpo de que se trate.

O **prazo de presentación** das solicitudes estará aberto ata o 10 de abril de 2014.

Máis información no **DOG do 24 de marzo de 2014** e en <http://www1.usc.es/webvprof/acreditados/index.asp>

Monitores/as de natación-socorrista en Carballo

Luns, 24 Marzo 2014 08:25

O **Concello de Carballo** convoca un proceso selectivo para a contratación en réxime laboral temporal de 2 monitores/as de natación-socorrista e actividades físicas-deportivas para as instalacións deportivas municipais.

Requisitos:

Técnico deportivo e Técnico deportivo superior, así como a de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas.

Graduado en Ciencias da Actividade física e do Deporte.

Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, así como a de Licenciado en Educación Física.

Grao en mestre, especialidade educación física, así como diplomatura de Maxisterio, especialidade educación física.

O **prazo de inscrición** estará aberto ata o 3 de abril de 2014.

Máis información no **BOP da Coruña do 24 de marzo de 2014**.

Convocadas 25 prazas de policía municipal no Concello de Bilbao.

Luns, 24 Marzo 2014 08:56

As **prazas de policía municipal**, son convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo de presentación** de solicitudes é de 20 naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do luns 24 de marzo de 2014. www.boe.es

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Ofertas do Servizo Público de emprego do 24/03/2014

Luns, 24 Marzo 2014 08:29

Mecánicos/as de mantemento e reparación de automoción, en xeral

- Localidade: Pobra do Brollón, A (Lugo)

- Nº oferta: 12/2014/1223

- Requisitos: mecánico/a de automoción con experiencia.

Mecánicos/as reparadores de ascensores e similares

- Localidade: Lugo

- Nº oferta: 12/2014/1759

- Requisitos: necesítase mecánico/a reparador de ascensores. imprescindible vivir en lugo capital ou provincia.

Dependientes de panadería, pastelería e confitería

- Localidade: Cambre (A Coruña)

- Nº oferta: 12/2014/1789

- Requisitos: dependente de panadería con experiencia dun ano en posto similar. carné de manipulador de alimentos.

Instaladores de liñas de telecomunicación

- Localidade: Coruña, A

- Nº oferta: 12/2014/1814

- Requisitos: instaladores de fibra optica con titulación de electricidade ou telecomunicacións. valoraranse os coñecementos no sector da fibra optica.

Teleoperadores

- Localidade: Ourense

- Nº oferta: 12/2014/1821

- Requisitos: venda de cursos e servizos de formación a empresas dende o propio domicilio. precisa dispoñer de ordenador e acceso a internet.

Camareiros/as, en xeral

- Localidade: Ordes (A Coruña)

- Nº oferta: 12/2014/1858

- Requisitos: necesítase aprendiz de camareiro/a.

Mais Información: teléfono 902 125 000.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net